ORDE do 15 de marzo de 2021 pola que se modifica a Orde do 16 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MT809B). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 54, 22-03-2021, Páx: 15636)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 16 de decembro de 2020

Obxecto: Consultar a Orde do 16 de decembro de 2020 (Consultar na pestana MODIFICA A)

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivienda

Prazo: Consultar a Orde do 16 de decembro de 2020

RESOLUCIÓN do 1 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Talento sénior), e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN858A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 50, 15-03-2021, Páx: 14781)**

Destinatarios: a) As empresas, de calquera tamaño, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia.
b) Os organismos de investigación públicos non universitarios ou privados galegos ou con centro de traballo en Galicia, tendo en conta que quedan obrigados a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas e relativas a actuacións de I+D+i.
Obxecto: 1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das axudas do programa Talento sénior da Axencia Galega de Innovación dirixidas ás empresas e organismos de investigación non universitarios en Galicia, destinadas ao fomento da contratación durante un período mínimo de 3 anos de persoal de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia. Este programa ten, entre os seus obxectivos, a atracción e retorno de investigadores doutores ou profesionais de alta cualificación con máis de 5 anos de experiencia profesional para desenvolver a súa carreira profesional en empresas e centros de investigación, así como estimular a demanda no sector público e privado de profesionais de alta cualificación para acometer proxectos de I+D+i.
2. Se convocan as ditas axudas para o ano 2021 en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento IN858A).

Convoca: Axencia Galega de Innovación

Prazo: Dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

RESOLUCIÓN do 16 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non

competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2021 (códigos de procedemento IN414B e IN414C). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 59, 29-03-2021)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas que realicen algunha das actuacións establecidas no artigo 3 destas bases reguladoras nunha vivenda sita na Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren na lista que se publique na páxina web do Inega, www.inega.gal
Obxecto: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan galego de eficiencia enerxética nas familias (código de procedemento IN414C), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IN414B), recollidas como anexo I desta resolución e proceder á convocatoria para a anualidade 2021.

Convoca: Axencia Instituto Enerxético de Galicia

Prazo: Rematará o 30 de xuño de 2021.

RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 56, 24-03-2021, Páx: 16144)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios destas subvencións os concellos cunha poboación total igual ou inferior a 5.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordes co establecido no Real decreto 1147/2020, do 15 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.
Obxecto: O obxecto desta resolución é establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, para executaren obras de abastecemento, saneamento e depuración, e convocar estas subvencións para o ano 2021 (código de procedemento AU300A).
Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG..

ORDE do 3 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo e se convocan axudas para o ano 2021 (código de procedemento MT815A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 52, 17-03-2021, Páx: 15147)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias as persoas titulares de explotacións gandeiras que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.
Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinadas a compensar as persoas titulares de explotacións gandeiras polos danos ocasionados polo oso pardo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2021 (código

de procedemento MT815A).

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Consutar o artigo 14. Prazo de presentación de solicitudes

ORDE do 8 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión do distintivo Bandeira Verde de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MT401A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 57, 25-03-2021, Páx: 16335)**

Destinatarios: Poderán optar ao recoñecemento do distintivo Bandeira Verde de Galicia todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que desenvolvan actividades relacionadas cos criterios previstos no artigo anterior, sempre que cumpran o establecido nesta orde de convocatoria.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, do distintivo Bandeira Verde de Galicia co que premiar a aqueles concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que destaquen polas súas boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe.

Convoca: Ata o 30 de xullo de 2021.

Prazo: Hasta el 30 de julio de 2021.

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 11 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209F). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 55, 23-03-2021, Páx: 15924)**

Destinatarios: Consultar a Orde do 11 de xaneiro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 22, do mércores 3 de febreiro de 2021).

Obxecto: Consultar a Orde do 11 de xaneiro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 22, do mércores 3 de febreiro de 2021).

Convoca: Consellería do Mar

Prazo: Consultar a Orde do 11 de xaneiro de 2021.

ORDE do 5 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, para o ano 2021 (código de procedemento MT300A). **(Diario Oficial de Galicia, Num: 45, 08-03-2021, Páx: 13582)**

Destinatarios: Poderán ser beneficiarios da subvención os concellos de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter unha poboación inferior a 20.000 habitantes. Para estes efectos, considerarase o número de habitantes o recollido no último padrón municipal aprobado polo Real decreto 743/2019, do 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2019. No caso de que na data de publicación desta orde estivese publicado o real decreto referido as cifras de poboación do ano seguinte, tomarase este último de referencia.
2. Ter remitida ao Consello de Contas a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario 2019 antes do remate do prazo de presentación da solicitude de axuda.
Obxecto: Esta orde, con código de procedemento MT300A, ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas aos concellos de Galicia cunha poboación inferior a 20.000 habitantes para as seguintes actuacións:
1. Serán subvencionables os investimentos destinados á creación ou mellora de infraestruturas, dotacións e instalacións vinculadas á prestación dos servizos municipais, que sexan compatibles co planeamento municipal vixente, consistentes na humanización e melloras urbanas de rúas ou de espazos públicos.

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Ofici

RESOLUCIÓN do 3 de marzo de 2021 pola que se amplían os prazos recollidos na Resolución do 8 de agosto de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética para as universidades públicas de Galicia, para os anos 2019 e 2020, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. **(Diario Oficial de Galicia, Num: 46, 09-03-2021, Páx: 13894)**

Destinatarios: Consultar Resolución do 8 de agosto de 2019 (ver normas que modifica)

Obxecto: Consultar Resolución do 8 de agosto de 2019 (ver normas que modifica)

Convoca: Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

Prazo: Se modifica a data límite do prazo de execución e xustificación.

Estatal

Convocatoria EMPREGA da Fundación Biodiversidade de apoio á contratación de persoas desempregadas na economía verde e azul

Destinatarios: Convocatoria dirixida a persoas xurídicas privadas con e sen ánimo de lucro e tamén a persoas físicas que actúen como empregadoras, ambas con sede en España
Obxecto: Emprego en entidades vinculadas á economía verde ou azul ou que contribúa a unha liña de negocio sostible ou á xestión dunha mellora ambiental na entidade.

Convoca: Fundación Biodiversidad

Prazo: Ata o 15 de marzo de 2021 (para recibir a axuda antes de outono 2021) ou ata o 30 de setembro de 2021

Extracto da Resolución do 5 de marzo de 2021 do Organismo Autónomo Parques Nacionais, pola que se convoca a concesión de subvencións para a realización de proxectos de investigación científica na Rede de Parques Nacionais para o ano 2021. **(Boletín Oficial del Estado, Num: 60, 11-03-2021, Páx: 15408)**

Destinatarios: Consultar punto 1. Beneficiarios

Obxecto: Subvencións para a realización de proxectos de investigación científica no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación (2017-2020) e da Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027. En concreto, as subvencións da presente convocatoria destinaranse aos proxectos relacionados coas liñas indicadas no Anexo I da Resolución do 5 de marzo de 2021 do Organismo Autónomo Parques Nacionais, pola que se convoca a concesión de subvencións para a realización de proxectos de investigación científica na Rede de Parques Nacionais para o ano 2021.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: Finalizará o día 15 de abril de 2021, ás 15:00:00 horas (hora peninsular).

Real Decreto 149/2021, do 9 de marzo, polo que se regula o programa de axudas para a realización de actuacións de eficiencia enerxética en explotacións agropecuarias e acórdase a concesión directa das axudas deste programa ás comunidades autónomas. **(Boletín Oficial del Estado, Num: 59, 10-03-2021, Páx: 27641)**

Destinatarios: Consultar os Capítulos II e III deste real decreto.

Obxecto: 1- A aprobación do programa de axudas para a realización de actuacións de eficiencia enerxética en explotacións agropecuarias, regular a concesión directa, con carácter extraordinario, e por razóns de interese público, social e económico, de axudas ás comunidades autónomas, así como a súa distribución e entrega.
2- Así mesmo establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións do programa de axudas para a realización de actuacións de eficiencia enerxética en explotacións agropecuarias aos seus destinatarios últimos, cuxa finalidade é reducir o consumo de enerxía final no sector agrícola para cumprir cos obxectivos fixados polo artigo 7 da Directiva 2012/27/UE, do 25 de outubro de 2012, mediante a realización de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e a utilización das enerxías renovables.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Unión europea

Eurogia-Green Transition call 2021- Convocatoria temática de transición verde

Destinatarios: Consorcio que debe incluír polo menos dúas empresas de diferentes países participantes de EUREKA. A participación de institutos de investigación / universidades é benvida de acordo coas regulacións de financiamiento de cada país.

Obxecto: O obxectivo desta convocatoria é impulsar a produtividade, a competitividade e a sensibilidade ambiental das industrias europeas mediante o uso de tecnoloxías innovadoras para reducir drasticamente a súa pegada ambiental.

Convoca: Comisión Europea

Prazo: Ata o 15 de xuño de 2021.

Segunda convocatoria das Axudas da EUCF para proxectos de enerxía sostible

Destinatarios: Toda a información, incluídas as directrices revisadas para os solicitantes e os criterios de elexibilidade, estará dispoñible en breve no sitio web da EUCF.
Obxecto: O equipo de EUCF anima ás cidades da UE para identificar os seus proxectos de enerxía sostible, poñerse en contacto cos expertos do seu país e consultar o sitio web e / ou o servizo de asistencia técnica se teñen algunha pregunta sobre a elegibilidad da súa solicitude.
Por iso, o equipo anima ás cidades para empezar a identificar os proxectos de enerxía sostible máis adecuados e a poñerse en contacto cos respectivos expertos do país en marzo. Nun segundo paso, débense preparar e verificar os documentos.
Convoca: European City Facility - EUCF

Prazo: Do 29 de marzo ao 31 de maio.

CONCURSOS PÚBLICOS

Unión europea

Oportunidade financiamento compra pública: Renovables en Edificios

Destinatarios: O proxecto busca empresas que brinden solucións para modernizacións avanzadas da construción, enerxías renovables, información e xestión de edificios, almacenamento e outros sectores relacionados.
Obxecto: procuRE está a levar a cabo unha consulta aberta ao mercado (OMC) en forma dunha serie de eventos, cuxo obxectivo é:
• informar aos potenciais provedores (industria) sobre as oportunidades de contratación precomercial de procuRE
• explicar en detalle o proceso de contratación precomercial
• abrir un diálogo cos potenciais provedores sobre o alcance da contratación prevista no proxecto
• facilitar a procura de potenciais provedores que necesiten apoio para a creación de consorcios.
Convoca: procuRE

Prazo: 28 de abril

EMPREGO PÚBLICO

Local

Bases para a convocatoria de 2 prazas de condutor de camión de lixo. Concello A Pobra do Brollón.

(BOP Lugo, Num: 70, 27-03-2021, Páx: 3)

Destinatarios: Consultar bases xerais da convocatoria.

Obxecto: Consultar bases xerais da convocatoria.

Convoca: Concello A Pobra do Brollón

Prazo: 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Galicia

Convocatoria e bases para a selección en réxime de persoal laboral temporal para a área de recollida de RSU dunha praza de peón e dúas prazas de operarios de servizos varios. Concello de Arbo **(BOP Pontevedra, Num: 59, 29-03-2021)**

Destinatarios: Consultar base 3. Requisitos dos aspirantes.
Obxecto: As presentes bases xerais rexerán a convocatoria das probas selectivas para cubrir as prazas vacantes de persoal laboral fixo ou laboral temporal que se convoquen, rexéndose ademais polas bases específicas que para cada convocatoria se aproben.
Convoca: Concello de Arbo
Prazo: 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOE.

PREMIOS

Local

Bases da segunda edición do concurso Reacción polo Clima, dirixido á mocidade da provincia de Pontevedra, ano 2021. **(BOP Pontevedra, Num: 50, 15-03-2021)**

Destinatarios: Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:
• Persoas físicas
— Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos na data de presentación da solicitude
— Estar empadroadas en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra
• Persoas xurídicas
— Ser entidades que teñan a súa sede fiscal na provincia de Pontevedra
— Que polo menos o 50 % das persoas administradoras ou membros da xunta directiva sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos
Obxecto: Aprobar as bases reguladoras da segunda edición do concurso Reacción polo Clima, que ten como finalidade promover a loita contra o cambio climático a través de manifestacións artísticas visuais nas que se denuncie a situación do planeta e se propoñan actuacións para combater a contaminación, entre outros aspectos, e, deste xeito, potenciar o talento da mocidade e mostrar as súas reivindicacións neste ámbito.
Convoca: Deputación Provincial de Pontevedra
Prazo: Dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Estatal

Competición LIBERA MAKERS 2021

Destinatarios: Alumnos de Formación Profesional con, polo menos, 18 anos

Obxecto: O obxectivo desta iniciativa é concienciar e mobilizar á cidadanía para manter os espazos naturais libres de lixo e que podamos, desta maneira, liberar moita máis vida en favor da conservación da natureza e a súa biodiversidade. Para iso, LIBERA expón unha abordaxe integral do problema, en tres eixos de acción: coñecemento, prevención e participación.

Convoca: Proyecto LIBERA e LIBERA Makers

Prazo: O prazo de envío do Pack LIBERA Makers será ata o 15 de maio

Resolución do 10 de marzo de 2021, do Instituto da Mocidade, pola que se convocan os Premios Nacionais de Mocidade para o ano 2021.

(Boletín Oficial del Estado, Num: 69, 22-03-2021, Páx: 32678)

Destinatarios: Están dirixidos a mozos de nacionalidade española, e a todos aqueles con residencia legal en España, que non superen a idade de trinta anos na data na que finalice o prazo para a presentación das candidaturas.

Obxecto: Os Premios Nacionais de Mocidade, supoñen un recoñecemento ao labor desenvolvido polos mozos, cuxa finalidade é a de estimular e recoñecer a traxectoria e esforzo daqueles novos que, pola súa dedicación no seu traballo e a súa implicación persoal, poñen de manifesto o seu compromiso en distintos ámbitos da sociedade.

Concederase un único premio en cada unha das categorías recollidas no artigo 1 da Orde SCB/960/2018, do 10 de setembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión dos Premios Nacionais de Mocidade. Entre estas categorías:

Medio Ambiente. Recoñecemento á realización de actuacións que fomenten o respecto ao medioambiente.

Convoca: Instituto da Xuventude, Ministerio de Asuntos Sociais e Axenda 2030

Prazo: Vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria

Internacional

Premios ONU á Acción Climática Mundial

Destinatarios: Organizacións, cidades, empresas, gobernos e outros actores poden presentar a súa candidatura aos premios da ONU á Acción Climática Mundial, que este ano celebra o seu 10º aniversario.

Obxecto: Ás categorías de galardóns habituais, nesta edición engadiuse unha nova especial "Líderes do clima", que recoñecerá a acción e a ambición transformadora e reproducible dos gobernos a calquera nivel (nacional, rexional, de cidade, de pobo, etc.), axudando a reforzar os argumentos para garantir que o mundo poida limitar o aumento da temperatura media global neste século a 1,5 graos centígrados, así como para crear resiliencia ao cambio climático.

"Os premios das Nacións Unidas á acción mundial sobre o clima son unha oportunidade para recoñecer aos líderes que, non só están a adoptar esas medidas, senón que tamén ofrecen un exemplo inspirador para que outros gobernos, empresas, cidades e comunidades os sigan".

As actividades gañadoras serán recoñecidas nunha serie de eventos especiais que terán lugar próximo mes de novembro, en Glasgow (Escocia), no marco da conferencia da ONU sobre cambio climático (COP26).

Convoca: ONU

Prazo: Ata o 30 de abril.

Convocatoria da XIV edición Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento

Destinatarios: Os/ as candidatos/ as serán unha ou máis persoas físicas de calquera nacionalidade, sen límite de número, que realizasen achegas independentes ou converxentes a un determinado avance, ben a través de colaboración formal (formando parte dun ou máis equipos), ben de maneira paralela. Poderán tamén ser candidatas organizacións científicas ou culturais ás que poidan atribuírse de maneira agregada contribucións excepcionais nos ámbitos do coñecemento científico, a creación cultural e as actuacións fronte ao cambio climático.
Obxecto: Os Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento recoñecen contribucións fundamentais nun amplo abanico de campos do coñecemento científico, a tecnoloxía, as humanidades e a creación artística. Entre eles Ciencias Básicas (Física, Química, Matemáticas), Bioloxía e Biomedicina, Ecoloxía e Bioloxía da Conservación, Cambio Climático, ...

Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata as 23 horas GMT do 30 de xuño

Premio Biophilia de Comunicación Medioambiental

Destinatarios: Persoas xurídicas ou físicas de calquera nacionalidade cuxo traballo se enmarque dentro de calquera das facetas da comunicación ambiental.
Obxecto: Recoñecer contribucións en calquera faceta da comunicación ambiental e, especialmente, acerca da conservación da biodiversidade e o cambio climático, cun carácter particularmente innovador.
As contribucións obxecto do galardón inclúen un amplo abanico de formatos, estilos e canles, entre eles artigos, monografías, materiais multimedia ou libros de divulgación; a elaboración, edición ou presentación de reportaxes e documentais; o comisariado e deseño de exposicións; ou actividades en calquera canle de comunicación (prensa, radio, televisión, cinema, documentais e Internet).

Convoca: Fundación BBVA

Prazo: Ata o 31 de maio de 2021, ás 12 horas (hora peninsular española).

ACTIVIDADES

CAMPAÑAS

Unión europea

#UnÁrbolPorEuropa

Contido: Unha Árbore Por Europa é un manifesto que nace por iniciativa de Equipo Europa por mor dunha proposta do Presidente do Parlamento Europeo. Nel todos os alcaldes partícipes asumen o compromiso de:
- Plantar unha árbore no seu municipio
- Visibilizar a importancia do desenvolvemento sostible no ámbito local
- Involucrar aos mozos nos procesos de toma de decisións en materia de sustentabilidade local.

Organizador: Equipo Europa

CONGRESOS

Estatal

Congreso Nacional de Medio Ambiente - Conama 2020

Contido: Por razóns de seguridade decidiuse pospoñer o Congreso Nacional do Medio Ambiente unhas semanas máis. Así Conama 2020 poderá ser o punto de encontro do sector ambiental. Decidiuse atrasalo un pouco máis para que o congreso poida celebrarse dentro das garantías de seguridade. Será máis pequeno e limitado que os anteriores, pero deste xeito si pode ter lugar, agora mesmo é importante dar a maior visibilidade posible ás cuestións ambientais.

Lugar: Centro de Convenciones Madrid-Norte / Ifema

Organizador: CONAMA

Data de inicio: 31-05-2021

Data de fin: 03-06-2021

Unión europea

Congreso EuroHeat & Power

Contido: O Euroheat & Power Congress vira en torno ao tema de District Energy e ten como obxectivo proporcionar unha plataforma única para compartir, debater e aprender sobre as diversas perspectivas e problemas relacionados cos sectores de enerxía de distrito europeo e global. Participar en intercambios de alta calidade sobre desafíos de implementación e mellores prácticas; incluíndo enfoques tanto técnicos como comerciais.
As sesións e actividades previas ao congreso patrocinadas comezarán en marzo de 2021 na plataforma do evento.

Lugar: En liña e Vinius, Lituania

Organizador: Euroheat & Power

Inscrición: A partir do 1 de marzo de 2021

Data de inicio: 03-05-2021

Data de fin: 05-05-2021

Internacional

Congreso Mundial da Naturaleza da UICN

Contido: O mundo recoñece cada vez máis o vínculo inextricable entre conservación da biodiversidade e benestar humano e económico, unha conexión que a pandemia de COVID-19 fixo aínda máis visible. O Congreso da UICN será un fito clave para a conservación da natureza e o desenvolvemento dun novo marco mundial para a biodiversidade.

Lugar: Marsella

Organizador: Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza (UICN) e Goberno Francés

Inscrición: Inscricións: iucn@gl-events.com

Data de inicio: 03-09-2021

Data de fin: 11-09-2021

CURSOS

Galicia

Curso On-line: Sistemas APPCC e Prácticas de Hixiene na Industria Alimentaria

Contido: 1. Sistema de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC).
2. Directrices Xerais do Sistema APPCC.
3. Aplicación do APPCC.
4. Normativa Específica.

Lugar: Online

Organizador: Concellalía de Educación. Concello de Ourense.

Inscrición: Informacion no mail up.educa@ourense.es ou no Telf. 988 388 136

Data de inicio: 12-04-2021

Data de fin: 23-05-2021

Curso On-line: Educador e Intérprete Ambiental

Contido: 1. A educación ambiental: conceptos básicos, ámbitos, destinatarios e instrumentos.
2. Interpretación e descrición do medio natural galego.
3. O medio ambiente na actualidade. a problemática medioambiental.
4. A interpretación como ferramenta da educación ambiental.
5. Recursos para a difusión ambiental.
6. Técnicas e recursos para a educación ambiental: o monitor medioambiental.
.7. Elaboración dun programa de educación ambiental.
8. A participación cidadá.

Lugar: On-line

Organizador: Concellalía de Educación. Concello de Ourense.

Inscrición: Cubrir formulario

Data de inicio: 03-09-2021

Data de fin: 07-11-2021

Outras CCAA

Interpretación de Recursos, Turismo e Territorio

Contido: Un curso de 100 horas de duración, que conta con tres bloques:
Cultura e territorio
Recursos e interpretación
Proxecto
Modalidade: Virtual, en liña e asíncrona. É dicir, as clases colgaranse na plataforma os luns, pero poderán cursarse en diferido.
Lugar: En liña
Organizador: Universitat Jaume I
Data de inicio: 14-04-2021
Data de fin: 25-06-2021

Estatal

Diploma de especialización- Espazos Naturais Protexidos como soporte do desenvolvemento rural sustentable

Contido: Un problema cada vez máis perentorio para o desenvolvemento rural sustentable é a incidencia do cambio global na natureza (biodiversidade e geodiversidad). Para iso será necesario coñecer cal é a situación dos sistemas naturais a partir da análise de indicadores ambientais que poñan de manifesto esa incidencia. Desde esta perspectiva, os ENPs son zonas onde se pode facer un mellor seguimento deses indicadores, dado que nelas hai un rico patrimonio natural.
O obxectivo destes estudos é proporcionar ao estudantado que os curse as ferramentas necesarias para abordar a estimulación da actividade social e económica de rexións rurais, tendo como soporte fundamental o coñecemento, a xestión e uso sustentable dos seus sistemas naturais.
Lugar: Semipresencial/Virtual
Organizador: UNIA
Inscrición: Inscrición aberta
Data de inicio: 26-04-2021
Data de fin: 17-09-2021

XORNADAS

Estatal

Ferramentas para a Adaptación ao Cambio Climático

Contido: LIFE-SHARA é un proxecto que está coordinado polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico a través da Fundación Biodiversidad, e conta como socios coa Oficina Española de Cambio Climático, o Organismo Autónomo Parques Nacionales, a través do

CENEAM, a Agencia Estatal de Meteorología e a Agência Portuguesa do Ambiente.
Esta xornada, organizada pola Fundación Biodiversidad e a Oficina Española de Cambio Climático do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, en colaboración coa Xunta de Galicia e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), enmárcase dentro do obxectivo específico do proxecto de reforzar as capacidades da Plataforma AdapteCCa para fortalecer o seu papel na gobernanza da adaptación ao cambio climático en España.

Lugar: Webinar

Organizador: Oficina Española de Cambio Climático y la Fundación Biodiversidad

Inscrición: Antes do 6 de abril

Data de inicio: 08-04-2021

Data de fin: 08-04-2021

As finanzas sustentables no ámbito empresarial. Avances regulatorios no marco da Unión Europea.

Contido: Profundar nas distintas iniciativas regulatorias en marcha sobre sustentabilidade que afectan o mundo empresarial e ao sector financeiro, desde a divulgación de información non financeira, á directiva de goberno corporativo, as taxonomías verde e social, o ecolabel ou o regulamento de divulgación de sustentabilidade, entre outros.

Lugar: Virtual

Organizador: Red Española de Pacto Mundial e Spainsif

Inscrición: Cubrir formulario

Data de inicio: 08-04-2021

Data de fin: 08-04-2021

OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia

Exposición Itinerante "Emerxencia Climática: feitos e datos"

Contido: "Emerxencia climática: feitos e datos", enfocada desde a educación ambiental e baseándose en información científica contrastada, pretende proporcionar os fundamentos básicos que argumentan a crise climática que vivimos. Preséntase como un percorrido secuencial, pero tamén pode facerse un achegamento á exposición tendo en conta catro grandes bloques de contidos diferenciados:
-Bases de Coñecemento climático,
-Dende o Global ata pisar o noso territorio,
-Motivos para a esperanza proposta de acción.
-Estratexias, alianzas e actores para a Emerxencia Climática.
O obxectivo último da mostra é achegar ao público os aspectos básicos relacionados con este problema ambiental global, para favorecer a súa comprensión, xerar procesos de reflexión, e conseguir comportamentos dirixidos á acción para a mitigación e adaptación. A emerxencia climática interpélanos a todos e todas e hai razóns para a esperanza.

Organizador: CEIDA e Deputación da Coruña

O quebracabezas de Ons. Canto sabes desta illa?

Contido: Descubrir a Illa de Ons. Unha illa con historia viva.

Organizador: Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Xogando a descubrir as Illas do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia

Contido: Quebracabezas de Sálvora. Un xogo de preguntas nos que irás descubrindo a fauna, flora, historia e paisaxe de Sálvora.

Organizador: Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Estatal

Webinar. Conversacións sobre cambio climático e posicionamentos internacionais

Contido: Conversacións sobre o Cambio climático e os distintos posicionamentos internacionais, ante a proximidade da celebración do Cume do Clima en Glasgow en novembro de 2021.

Lugar: Webinar

Organizador: Fundación Naturgy

Data de inicio: 15-04-2021

Data de fin: 15-04-2021

IV Encontro Nacional de Turismo de Observación da Natureza, natureWatch

Contido: Estes encontros de turismo de observación responsable da natureza convertéronse en referente nacional pola calidade dos seus relatorios e actividades, e o forte compromiso coa conservación e o medio ambiente. Os días 5, 6 e 7 de maio, a Reserva Natural das Lagoas de Villafáfila (Zamora) acollerá unha IV edición nacional na que as aves esteparias, o grupo de aves máis ameazado de Europa, terán especial protagonismo.

Lugar: Online

Organizador: Junta de Castilla y León

Data de inicio: 05-05-2021

Data de fin: 07-05-2021

Reservas Mariñas de Interese Pesqueiro. Historia, cultura, tradición e sustentabilidade

Contido: Esta exposición ten como misión poñer en valor estes espazos protexidos de interese pesqueiro que garanten o futuro da nosa pesca artesanal como historia, tradición e como ben cultural, destacando o sabor de vila mariñeira e porto, o labor dos nosos pescadores artesanais como vector de conservación e a rexeneración e recuperación ao seu estado óptimo de ecosistema, fauna e flora. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación identifica as reservas mariñas de interese pesqueiro de España como espazos escollidos pola súa capacidade de rexenerar recursos pesqueiros e naturais.

Organizador: Museo Nacional de Ciencias Naturais

Unión europea

EU Green Week 2021 - Semana Verde da UE 2021

Contido: A Semana Verde Europea 2021 estará dedicada á "ambición de contaminación cero". Será unha oportunidade para comprometerse con todas as partes interesadas e cidadáns interesados sobre como podemos traballar xuntos para facer realidade a ambición dun medio ambiente libre de tóxicos e contaminación cero.

Organizador: Comisión Europea

Data de inicio: 31-05-2021

Data de fin: 04-06-2021

Conferencia Global 2021 sobre Saúde e Cambio Climático

Contido: O obxectivo da conferencia é facer unha chamada aos gobernos, empresas, institucións e actores financeiros para impulsar unha recuperación verde, saudable e resiliente do COVID-19. O tema xeral da Conferencia será "Recuperación Saudable e Verde" de acordo co Manifesto da OMS publicado en maio de 2020, e incluirá sesións sobre cada unha das súas 6 Prescricións: natureza, sistemas alimentarios, infraestrutura sostible, enerxía limpa, cidades e deter a contaminación.

Lugar: Glasgow, Reino Unido

Organizador: Organización Mundial da Saúde(OMS) e a Alianza Global de Saúde e Clima (GCHA),

Data de inicio: 06-11-2021

Data de fin: 07-11-2021

Launch of calls for proposals to promote European agri-food products at home and abroad

Contido: Convocatoria de propostas para programas europeos de promoción agroalimentaria que respalden os obxectivos medioambientais da UE, dando apoio aos produtos orgánicos, ás froitas e hortalizas e á agricultura sostible. Asígnase un orzamento total de 182,9 millóns de euros dos que case a metade estará destinado a campañas que difundan as mensaxes da estratexia "Da granxa á mesa".

Organizador: European Commission

Data de fin: 28-04-2021

Internacional

Forum National des Eco-Entreprises:Transición ecolóxica e enerxética en acción

Contido: Se está a buscar solucións para a transición ecolóxica e enerxética, quere desenvolver unha alianza estratéxica, dar a coñecer o seu proxecto, as súas necesidades en canto a produtos / servizos. Organizaranse máis de 1.500 encontros B2 B cualificados entre ecoempresas e contratistas, laboratorios, investidores, nun formato breve, eficiente e focalizado.

Rexístrese e obteña ata 12 espazos para reunións.
Especifique a súa oferta e as súas expectativas para este día no formulario de rexistro.
Lugar: En liña

Organizador: PEXE e ADEME

Data de inicio: 08-04-2021

Data de fin: 08-04-2021

UN Biodiversity Conference (COP 15)

Contido: A pesar dos esforzos en curso, a biodiversidade está a deteriorarse en todo o mundo e prevese que esta diminución empeore con escenarios comerciais como de costume. A Conferencia das Nacións Unidas sobre a Diversidade Biolóxica convocará a gobernos de todo o mundo para acordar un novo conxunto de obxectivos para a natureza durante a próxima década a través do proceso marco da Convención sobre a Diversidade Biolóxica despois de 2020. O marco establece un ambicioso plan para implementar accións de base ampla para lograr unha transformación na relación da sociedade coa biodiversidade e garantir que, para 2050, cúmprase a visión compartida de vivir en harmonía coa natureza.

Organizador: UN environment programme

Data de inicio: 17-05-2021

Data de fin: 30-05-2021

Procura de empresa española para unirse a consorcio exipcio en proxecto de biogás a partir de residuos animais

Contido: Búscase empresa española que se incorpore a un consorcio exipcio para o desenvolvemento dun proxecto de I+D no ámbito a valorización de residuos animais para produción de enerxía.
A proposta ten como obxectivo ser presentada á convocatoria bilateral ESIP (Egypt- Spain Innovation Programme): acordo entre o CDTI (É) e STDF (EG) (Science & Technology Development Fund), axencia gobernamental dependente do Ministerio de Investigación Científica de Exipto, que contempla un programa para promover e financiar proxectos de I+D conxuntos nos sectores de, entre outros, Enerxía. Para participar é necesario polo menos unha empresa española, unha entidade académica exipcia e unha empresa exipcia. A quinta Convocatoria ESIP pechará o 15 de abril de 2021.

Organizador: CDTI (ES) e STDF (EG)

Data de fin: 15-04-2021

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Aprobada a Estratexia Europea de Adaptación ao cambio climático

Indicadores de transición circular v1.0. © WBCSD, Enero 2020

O Sistema de Prospectiva Ambiental da UE (FORENV): Informe final do ciclo anual 2019-20: innovacións emerxentes - económicas, empresariais, tecnolóxicas e sociais - na economía verde do futuro. © European Union, 2021

El relieve del Parque Nacional Picos de Europa

Calendarío 2021

Catálogo aberto do patrimonio cultural inmaterial da Rede Española de Reservas da Biosfera 2019

Making Peace With Nature

Informe Climatolóxico Mes de Febreiro de 2021

Memoria do Comité de Reservas da Biosfera de Andalucía 2004-2019

Camiños Naturais e Vías Verdes de España

Estratexia de Almacenamento Enerxético

Vínculos entre a violencia de xénero e o medio ambiente

RECURSOS ELECTRÓNICOS

GEO-6 for Youth

Boletín de Novidades Bibliográficas Xaneiro-Febreiro 2021 Biblioteca Xeral do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

Directrices Xerais da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030

BIBLIOGRAFÍA

Novidades bibliográficas FEBREIRO 2021. Centro de Documentación Ambiental do CEIDA

100 rutas WIKILOC beneficiosas para a nosa saúde en áreas protexidas

Observatorio Europeo do Clima e a Saúde: acceso a unha ampla gama de publicacións, ferramentas, sitios web e outros recursos relevantes relacionados co cambio climático e a saúde. Comisión europea, 2021

BOLETÍN DE INFORMACIÓN AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA